
XXIX Certame literario MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ do Concello de Paradela

É a primeira vez que, como Alcaldesa, me corresponde abrir oficialmente o libro que resume un ano de creación literaria que abrolla ao mundo a través da canle poderosa que leva o nome do Fillo predilecto de Paradela, o inesquecible escritor Manuel Rodríguez López.



Este Certame, feliz iniciativa que axiña cumprirá tres décadas, ven canalizando, ano tras ano, unha copiosa corrente literaria que flúe desde os máis diversos lugares onde teñen vida os dous idiomas que nos unen ao mundo, na honra do noso escritor e do noso pobo, para situar a Paradela entre os puntos neuráxicos onde a literatura é estimada, cultivada, honrada.

Se o libro que anualmente publicamos resulta ser a noticia cultural máis sobranceira do noso Concello, por ser os mellores dos centos de traballos recibidos que ofrecemos ao gran público para honrar aos seus creadores, en este temos que facer fincapé nas persoas que conforman o xurado deste Certame, ás que de ordinario expresamos o agradecemento do Concello, pero nesta ocasión temos que facer unha mención especial.

Cómpreme o deber de dar unha dolorosa despedida a dous dos membros que formaron parte deste Xurado desde a súa creación en 1995: Xesús Mato Mato, Fillo predilecto do Concello, e Santiago Rodríguez López, fillo do tamén Fillo predilecto, que dá nome ao Certame, Manuel Rodríguez López, aos que despedimos nos primeiros meses do 2024.

E por incorporarse ao Xurado para sustituilos, dou calurosa e agradecida benvida aos dous novos membros: Xaime Félix López Arias, "Arlando", avogado e historiador, con raíces no Concello de Paradela, e Carlos Rodríguez Otero, músico e musicólogo, fillo de Santiago Rodríguez e neto de Manuel Rodríguez López, así

como á nova Presidenta de Honra, a viúva do escritor que dá nome ao Certame, Irene López Gómez.

Como complemento do anterior, e pola relación que ten co noso Certame Literario, hónrame facer constar que o Centro Polifuncional de Paradela se vai chamar "Xesús Mato Mato", e subliñar que o Concello, no pleno do 21 de marzo de 2024, acordou nomear, por unanimidade dos seus membros, novos Fillos Adoptivos do Concello de Paradela a Santiago Rodríguez López (a título póstumo) e Xulio Giz Ramil.

Segue o noso Certame a firme traxectoria iniciada en 1995 co apoio dun grupo de amigos do escritor paradelense de quen leva o nome, cada vez con máis ampla resposta, cada vez máis afianzado na nosa sociedade e no mundo cultural, sendo xa un dos nosos grandes activos, que temos que seguir a impulsar cara ao futuro.

Grazas a todos os que interveñen nesta especial iniciativa: creadores / creadoras, persoal do Concello, institucións e, de xeito especial, aos membros do Xurado, con todos os que formamos xa unha gran familia cultural e Social.

Montserrat Mulet Sar
Alcaldesa de Paradela.